

43 RALLYE SAN FROILAN

22 - 23 - 24 OUTUBRO 2021



Streaming en Directo!

Cerimonia de Saída
Tramos Cronometrados
Entrega de Premios



+info

www.temposfga.es

www.rallyesanfroilan.es

TEMPOS EN DIRECTO

Acceso Tramos



Concello de Sarria



Concello de Láncara



Concello de O Corgo



Concello de Outeiro de Rei



Concello de Friol



Lugo Motor



Concello de Lugo

Concellería de Deportes



DEPUTACIÓN DE LUGO



Deportes

VICEPRESIDENCIA



tu RECAMBIO
A un solo CLICK



Xacobeo 21-22



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral para o Deporte



DEPORTE GALEGO

ORGANIZA: ESCUDERÍA MÍÑO LUCENSE. T. 982 257 656 | rallyesanfroilan@gmail.com | www.rallyesanfroilan.wordpress.com

Programa horario

DATA	HORARIO	PROGRAMA	LUGAR	
20/09/2021	10:00	Apertura de inscricións (Pilotos inscritos no Campionato)	ON-LINE WWW.FGA.ES	
24/09/2021	10:00	Apertura de inscricións (Resto de pilotos)	e-mail: inscripcionrsanfroilan@gmail.com	
14/10/2021	20:00	Peche de inscricións	Tlfno.: 648 494 797	
12/10/2021	16:00	Publicación do percorrido	rallysanfroilan.wordpress.com	
19/10/2021	19:00	Publicación da Lista de Inscritos	www.fga.es rallysanfroilan.wordpress.com	
16/10/2021 17/10/2021 21/10/2021	08:30 a 12:00	Entrega documentación para os recoñecementos (entregarase o propio día que cada equipo teña asignado)	Cafetería Restaurante Yaldara Polígono Industrial Gándaras, S/N,C.P. 27003 Lugo	
16/10/2021 17/10/2021 21/10/2021	09:00 a 21:00	Recoñecemento dos treitos cronometrados (o Road-Book entregarse o propio día que cada equipo teña asignado)	Nos treitos cronometrados	
22/10/2021	11:30 a 12:30	Verificacións administrativas	Nº 1 a Nº 37	
	12:31 a 13:30		Nº 38 a Nº 74	
	13:31 a 14:30		Nº 75 a Nº 110	
	12:00 a 13:10	Verificacións técnicas	Nº 1 a Nº 37	
	13:11 a 14:20		Nº 38 a Nº 74	
	14:21 a 15:30		Nº 75 a Nº 110	
	ATENCIÓN	OBLIGACIÓN DE TRAS AS VERIFICACIÓN TÉCNICAS LEVAR O VEHÍCULO DIRECTAMENTE O PARQUE DE CUSTODIA, SEN PASAR POLO PARQUE DE TRABALLO		Parcking Auditorio Municipal Gustavo Freire
	16:30	Hora límite presentación vehículos no Parque de Custodia		Parcking Auditorio Municipal Gustavo Freire
	18:15	Publicación Lista de Autorizados a tomar a saída		www.temposfga.eu
	19:15	Saída 1º participante a Cerimonia de Saída (en orde Inverso)		Parcking Auditorio Municipal Gustavo Freire
19:30	Cerimonia de Saída a Parque de Trballo / Custodia		Praza de España, Lugo	
20:03	Chegada 1º participante		P. Trballo Pol. Ind. Outeiro de Rei	
22:30	Publicación Lista Autorizados a tomar a saída Sábado		www.temposfga.eu	
08:00	Saída 1º participante 1ª sección		Pol. Ind. Outeiro de Rei	
08:28	Treito cronometrado "A-1"		Outeiro de Rei	
08:51	Treito cronometrado "B-1"		Friol	
09:11	Chegada 1º participante 1ª sección - Reagrupamento 1 (30')		Praza Andón Cebreiro (Friol)	
09:41	Saída 1º participante 2ª sección		Praza Andón Cebreiro (Friol)	
10:19	Parque de traballo 1 (55 min)		Pol. Ind. Outeiro de Rei	
11:42	Treito cronometrado "A-2"		Outeiro de Rei	
12:05	Treito cronometrado "B-2"		Friol	
13:18	Treito cronometrado "C-1"		O Corgo	
13:44	Chegada 1º participante 2ª sección - Reagrupamento 2 (30')		Parcking Auditorio Municipal Gustavo Freire	
14:24	Saída 1º participante 3ª sección		Parcking Auditorio Municipal Gustavo Freire	
14:44	Parque de Trballo 3 (1:00 hora)		Pol. Ind. Outeiro de Rei	
16:17	Treito cronometrado "C-2"		O Corgo	
17:30	Treito cronometrado "D-1"		Goian (Sarria)	
17:58	Treito cronometrado "E-1"		Láncara	
18:48	Chegada 1º participante 3ª sección - Reagrupamento 3 (20')		Parcking Auditorio Municipal Gustavo Freire	
19:08	Saída 1º participante 4ª sección		Parcking Auditorio Municipal Gustavo Freire	
19:28	Parque de Trballo 3 (45 min)		Pol. Ind. Outeiro de Rei	
21:06	Treito cronometrado "D-2"		Goian (Sarria)	
21:34	Treito cronometrado "E-2"		Láncara	
22:24	Chegada 1º participante 4ª sección		Parcking Auditorio Municipal Gustavo Freire	
22:45	Celebración podio final 3 primeiros Clasificados Xeral		Parcking Auditorio Municipal Gustavo Freire	
23:15	Verificacións finais de oficio		LCR MOTOR	
24/10/2021	01:30	Publicación de resultados	www.temposfga.eu	
	12:00	Entrega de premios e trofeos	A definir nun complemento	



Sidegal
DESQUACES

tu **RECAMBIO**

A un solo **CLICK**



TC A | Outeiro de Rei



1. No centro de Rábade (N-VI dirección A Coruña), no punto km 516,4. A continuación a esquerda (xunto á oficina de correos). 300 m máis adiante collemos unha rotonda de fronte pola segunda saída (Avifauna), 2,3 km máis adiante pasamos unha ponte sobre o río e collemos á esquerda direcc. Friol, a 700 m temos un cruce e seguimos pola mesma estrada. 700 m máis adiante collemos á esquerda dirección (Reboreda, Pascuais), 3 km máis adiante collemos un cruce á dereita (depósito da auga como referencia) 300 m máis adiante collemos cruce á esquerda e sin desviarnos e percorrendo cerca de 1 km chegamos ao treito.

2. Seguindo as indicacions do punto 1 ata o paso pola ponte do río, alí seguimos de fronte e 100 m máis adiante collemos un cruce á esquerda. 500 m máis adiante seguimos cara esquerda con indicacións (Pena de Rodas), a 100 m collemos dereita e a 300 m de fronte.

- A 200 m atopámonos cunhas casas e continuamos dirección Penas de Rodas.

- 3,6 km máis adiante e sempre continuando pola estrada principal chegaremos ao treito. OLLO!!! Parte do traxecto e por pista de terra en boas condicións.

3. Na estrada que une as localidades de Begonte e Friol DP-16.11.

Circulando dirección Begonte cara Friol, no km 56,3 teremos que coller un cruce á esquerda sen sinal nun rasante.

400 m máis adiante continuamos de fronte, 100 m despois collemos á esquerda xunto a igrexa e 200 m máis adiante atopamos un cruce polo que circulando con indica-



cións (Sto Tome) e percorrendo 1,7 km atopamos co treito.

4. Outra opción máis témola dende a estrada que une as localidades de Begonte e Friol DP-16.11.

Circulando dirección Begonte cara Friol, no km 58,5 collemos un cruce á esquerda con indicacións Sto. Tome e percorrendo 200 m chegamos a un cruce e temos 2 opcións:

- Collemos nese cruce á esquerda e 400 m máis adiante daremos co treito.
- Se en vez de coller á dereita, seguimos de fronte percorrendo 300 m (ollo!! pasamos entre casas), collemos á dereita no seguinte cruce que atopamos e 250 m atoparemos o treito nun bonito cruce.


5. Saíndo de Lugo pola N-VI dirección Rabade, collemos un cruce á esquerda dirección FRIOL (LU-234) percorrendo 9,5 km collemos un cruce á dereita con indicacións (Sta Comba-Vicente-Centro de interpretación AVIFAUNA) sin desviarnos desta estrada principal percorremos 4,5 km onde atopamos un cruce que collemos á esquerda con indicacións (FRIOL), e 1 km máis adiante atoparemos o treito nun bonito cruce de esquerdas.

CODIGOCAR

CTRA. CORUÑA, 134 - 27003 LUGO

637 50 25 87 | 616 73 13 15

codigocar@hotmail.com



1. Saíndo de FRIOL pola LU-P-2201 dirección PARGA, no Km 5,100 xiramos á dereita dirección "Bullo, Pradeda", seguimos por esta estrada sin desviarnos e a 1.5 Km, nos atopamos co treito (Km 8.9).
2. Saíndo de FRIOL pola LU-P-2201 dirección PARGA, no Km 8,80 xiramos á dereita dirección "Agra, Narla", seguimos por esta estrada sin desviarnos, a 1,7 Km seguimos recto, e dende alí a 700 m nos atopamos co treito (Km 4,33).
3. Saíndo de FRIOL pola PU-P-2106 dirección LAMAS-NARLA no Km 3,6 temos dúas opcións:
 - Xirar á esquerda a 650 m, atopámonos co treito (Km5,950)
 - Xirar á dereita dirección "Eirexe, Igrexa" a 1,7 km sin desviarnos nos atopamos co treito (1 km).

XL
PRELOXI - Impresión en gran formato

**ROTULACIÓN DE VEHÍCULOS
TINTADO DE LUNAS
WRAPPING
PEGATINAS**

preloxi.com

Rúa da Factoría, Parcela 6.4 (Pol. Ind. O CEAO) - 27003 Lugo
T. 982 872 512

TC C | O Corgo



- Saindo de Lugo dirección Madrid pola LU-211, temos un acceso ao tramo. Debemos tomala saída de “Nadela” e de seguido de pasar xunto á fábrica de Puleva, debemos tomar unha pista á esquerda sin indicación que está situada no km 494,4 da N-VI (ou o que é o mesmo, xusto enfrente da “Bodega de María”). A 200 mts xiramos esquerda, pasamos por riba da autovía e seguimos dirección á “Recimil”. Avanzamos 1,2 kms e seguimos esquerda cara a “Castro, Carballido” por donde a 2,3 kms chegamos a un stop onde xirar dcha cara a “Adai”. Tras 800 mts seguimos pola dereita e tramo a 3,2 kms.

- Dende a propia N-VI hai outro acceso no km 490,7 se tomamos o desvío hacia “Arxemil”. Percorremos 3 kms e chegamos a unha bifurcación na que tanto se seguimos pola esquerda (a 700 mts) como pola dereita (a 400 mts) chegaremos ao tramo.

- Outro acceso cómodo está no Km. 489 da N-VI, se ó pasala nave de Neumáticos Rey nos desviamos á esquerda por indicación “Pedrafita 2,5; Adai 5, Romeán 9”. A 3,3 kms. chegamos a un cruce do tramo.

- Outra posibilidade é sair no Km. 479 da autovía A-6 (ao ir ó Km. 484 da N-VI, que é o mesmo) e dende ese punto en O Corgo seguila estrada DP 1611 ata o Km. 125,6 e xirando á esquerda no sinal “Queizán”, a 5 km está o tramo.



TU HOTEL EN LUGO

www.hoteldario.es

1. Para chegar a meta, temos que sair de Lugo dirección Madrid e logo en Nadela coller a LU-546 dirección Sarria, Monforte; no km 13,6, tras pasar xunto ao pobo de Pobra de San Xiao collemos un cruce a dereita que indica Páramo, Portomarin, a 5,2 km seguimos pola esquerda e a 400 m collemos un cruce a esquerda que indica Monte do Páramo e chegamos ao control stop.

2. Se pouco antes en esa mesma estrada indicacions Páramo, Portomarin, a 4,6 dende a LU-546, tras unha longa recta nos desviamos a esquerda dirección Saa, xusto antes de unha nave, a 500 m entre unhas casas seguimos pola esquerda, a 100 m collemos a esquerda, a 50 m de fronte pola dereita, tras 400 m collemos a esquerda, a 50 pola dereita entre as casas e logo sempre de fronte entre as casas chegamos ao tramo. **(pouco sitio para aparcar).**

3. Outras opcións as temos seguindo pola LU-546 indicacions Sarria, no km 23,2 xusto ao pasar a ponte sobre o tren, nos desviamos a dereita indicacions Paradela, Portomarin, a 200 m no primeiro semáforo de fronte e a 300 m no segundo a dereita.

Pola estrada LU-633 temos dúas opcións:

- No km 51,8 en cruce a dereita que indica Tapisa, por donde tras 2,2 kms sen desviarnos chegamos a unha curva a esquerda con un muro de bloques de fronte donde collemos a dereita, a 900 m de fronte, a 700 m chegamos a un cruce donde pola dereita a



pocos metros temos to treito a esquerda.

- A segunda opción esta no km 54,2 da LU-633 en un cruce que indica Ortoá, Goian; por donde tras percorrer 1,7 km chegamos a un cruce con unha sinal de madeira de Rectoral de Goian donde podemos ir a dereita que percorrendo 1,9 km chegamos ao cruce do famoso tramo de Goian.
- Tamén podemos ir a esquerda en este ultimo cruce, tras percorrer 2,6 km collemos a dereita pola sinal Tecor societario Ribeira do Loio, a 800 m a dereita en un cruce sen indicacións, tras percorrer 700 m en outro cruce seguimos pola dereita e despois de 3,1 km chegamos ao treito .
- Outro acceso que chega 50 m antes do cruce da ponte, o temos dende a LU-546 (Lugo a Sarria), no km 16,5 xusto antes de unha gasolinera Cepsa nos desviamos a dereita indicacions Villapedre, Goian, 300m despois de pasar por unhas casas seguimos pola esquerda xunto a un roble grande e a 100 m pola esquerda, tras 1,5 km pola dereita, a 1,1 km outra vez pola dereita, 400 m dereita e a 700 m chegamos ao treito.
- Para chegar a saída, no km 22,5 da LU-546 fronte a Concesionario Opel en un cruce a dereita pola indicacións Goian, Santalla.(so se poderá acceder andando)

EXTINTORES



IGLESIAS

SERVICIO TÉCNICO DE
MANTENIMIENTO Y RECARGAS

MATERIAL CONTRA INCENDIOS

Estrada Vella de Santiago, 143 - LUGO
Tel. 982 24 19 04
Fax 982 22 58 05



Boa parte dos accesos os atopamos dende a estrada LU-546 que sae dende Nabela a Monforte. A esa estrada se accede pola A-6, tomando a saída 488 (Lugo, Monforte, Ourense, Santiago).

1. Chegamos a unha glorieta dende onde parte dita estrada.

Na altura do km 12,1 da LU-546 atopamos a poboación da Pobra de San Xiao e desviándonos a esquerda (cruzando a vía do tren) entrando no seu centro urbán, atoparemos a saída do treito.

2. Si pola contra nos desviamos á esquerda na altura do BBVA temos varias opcións:

- Se seguimos indicacións (Láncara 10, Baralla 22) tomamos a estrada LU-621 e despois de 300m, temos dúas posibilidades:
 - I. Xirar dereita e a 100m chegamos ao treito.
 - II. Seguimos avanzando sin desviarnos pola LU-621 por onde sen desviarnos durante 9,2 km chegamos a un cruce, collemos a dereita por LU-622 e 200m máis adiante atoparemos o treito.

3. Unha das mellores opcións e aparcas no núcleo urbán da Pobra de San Xiao e camiñando podemos ir a varios cruces espectaculares na mesma saída.

4. Si avanzamos pola estrada LU-546 ata o km 21,3 nos atopamos unha glorieta con indicacións (Becerrea, Polig. Industrial, Mourelle), collendo a LU-536 percorremos 2,6km ata chegar a outra glorieta e tomamos indicacións (CÉLTIGOS CP-5701), temos varias posibilidades.

- I. Seguindo por esa estrada a 4,3 km xirando esquerda e a 500 m atopamos tramo
- II. Seguindo por esa estrada a 5,4 Km xirando esquerda e a 300 m atopamos tramo
- III. Seguindo por esa estrada a 6,3Km a man esquerda atopamos un cruce do tramo.
- IV. Seguindo por esa estrada percorremos 7,4km chegaremos a un cruce con stop onde collendo esquerda atoparemos o treito, percorrendo 1,2km.

Streaming en Directo!

Cerimonia de Saída
Tramos Cronometrados
Entrega de Premios

LIVE
STREAMING



+info

www.temposfga.es
www.rallyesanfroilan.es

TEMPOS EN DIRECTO

Yaldara
GÁNDARAS
 Desayunos
 Menú del día
 Servicio a la carta
 Reservas 673 198 544 Calle A Parcela I Polígono Industrial As Gándaras



Recomendacións ao Público

ANTE A COVID-19 PROTÉXETE
TAMÉN RESPETA E PROTEXE OS DO TEU ENTORNO



No transcurso da competición:



Non situarse **NUNCA**
diante nin detrás da cinta
VERMELLA
ou carteis de prohibición

PROHIBIDO PÚBLICO




¿QUÉ PODE PASAR?

Nas saídas de estrada non existe a traxectoria lóxica. Un vehículo de competición despraza unha masa a gran velocidade e por iso, en caso de accidente, é imposible adivinar a traxectoria. Calquera rotura ou avaria mecánica pode provocar un accidente sen ningunha lóxica. Só nas zonas altas e nas zonas habilitadas polo Organizador teremos relativa seguridade. A mala actitude do público e/ou a súa incorrecta colocación nas zonas prohibidas ou perigosas poden ser motivo de anulación dunha proba. ¡¡¡NON O PERMITÁDES!!!

SI PODEMOS FACER

- A estrada péchase ao público 1h antes da saída do primeiro vehículo: Intentar chegar ao treito coa suficiente antelación para aparcarse correctamente. Aparcar o vehículo sempre fora do percorrido.
- Manter en todo momento aos nenos baixo a supervisión dos adultos.
- Seguir sempre as indicacións de comisarios e/ou forzas de orde público e tratalos con respecto e educación, sen eles non sería posible este deporte.
- Debemos ter moi claro que treitos imos a presenciar e onde facelo xa que por motivos de seguridade pode ocorrer que non nos deixen mover o noso vehículo ata que remate a carreira. Non desesperar si se produce algún retraso en caso de accidente.
- Situarnos **SEMPRE** en lugares elevados e/ou nas zonas habilitadas para o público pola Organización, tendo en conta que: As zonas **PROHIBIDAS** para o público estarán marcadas con **CINTA VERMELLA** e/ou **CARTEIS DE PROHIBICIÓN**. Obviamente é imposible marcar todo o percorrido do rallye polo que, nas zonas non marcadas con ningún tipo de cinta ou carteis empregues o sentido común e fagas caso das indicacións dos membros da Caravana de Seguridade, **TRABALLAN PARA a TUA SEGURIDADE**.



NON PODEMOS FACER

- Situar-se en lugares perigosos aínda que non exista ningunha sinalización. Situar-se en lugares prohibidos marcados pola Organización con **CINTA VERMELLA** ou **CARTEIS DE PROHIBICIÓN**.
- Invadir o percorrido para ver mellor, xalear ou animar aos participantes. Lanzar obxectos ao percorrido.
- Circular polo percorrido de forma temeraria, antes ou despois da carreira. Facer caso omiso as indicacións do persoal da Organización. Prender lumes. Deixar lixo e desperdicios nas cunetas ou zonas de público.
- Pintar as estradas ou sinais de tráfico con mensaxes. Quitar as cintas ou sinalizacións de seguridade montadas polo Organizador. Consumir en exceso bebidas alcohólicas, volveranos irritables, inconscientes e incívicos.
- Convén lembrar que os controis de alcoholemia e velocidade soen intensificarse nas inmediacións dos treitos cronometrados do rallye.

Riño

DE GALICIA

LENCE